A PROSA NA POSGUERRA.
OS RENOVADORES DA PROSA (FOLE, BLANCO AMOR, CUNQUEIRO)

A Guerra Civil supuxo unha ruptura co impulso que a Xeración Nós lle dera á narrativa en lingua galega. O centro de actividade literaria desprázase ao exilio. Ata a segunda década da posguerra non se rexistra ningún título de novelas, libros de relatos etc en galego e publicados en Galicia. A primeira novela publicada na posguerra foi **A xente da Barreira** (1951) de Ricardo Carballo Calero.
Ata ben entrada a década de 1960 non se pode falar de tendencias, con todo pódese facer a seguinte clasificación:
1. **Obras continuadoras da prosa da Xeración Nós.**
Inclúese aquí **A xente da Barreira** (1951) de Ricardo Carballo Calero que narra a vida de varias xeracións dunha familia fidalga e Otero Pedrayo retoma o seu labor con obras como **Entre a vendima e a castañeira** (1957) e **O señorito de Reboraina** (1960).

2. Obras que pertencen ao :
a. **Realismo social**, narrativa comprometida coa denuncia da situación pola que pasa a Galicia da época, representada por Eduardo Blanco Amor coa novela **A esmorga. (1959).**
b. **Realismo fantástico,** representado pola obra de A. Cunqueiro. Trátase dunha literatura que mistura elementos culturalistas de orixe árabe (Simbad), greco-latina (Orestes) ou nórdica (Merlín) con recursos do mundo popular, de realidade cotiá e fantasía desbordada.
c. **Realismo popular,** representado por Anxel Fole coa súa obra **Á lus do candil,** Esta é unha narrativa con textos construídos sobre a tácnica do conto tradicional oral.
d. **Realismo rural,** representado por obras de Xosé Neira Vilas.

No tocante á poesía desde 1936 a 1975, Galicia viviu as consecuencias sociais, económicas, políticas e culturais derivadas da Ditadura franquista. Ata mediados dos 50 a sociedade vive unha situación de estancamento e retroceso.
A poesía sofre unha paralización despois da Guerra Civil, non se pode falar de recuperación lírica ata ben entrada a década dos 50. A actividade cultural continuada só é posible no exilio. Dentro de Galicia comeza unha tímida recuperación a partir de 1947, coa publicación de **Cómaros verdes** de Aquilino Iglesia Alvariño. No 1949 sae en Pontevedra a Colección **Benito Soto** e no ano seguinte, constitúese a Editorial **Galaxia**, que abre o camiño para novas editoras en galego.
Mentres que no exilio destacaba a poesía socialrealista, en Galicia predominaba a poesía intimista e esteticista cun desexo de fuxir da realidade.
As obras de poesía deste momento pódense encadrar en tres xeracións diferentes:

Eduardo Blanco Amor (Neorralismo narrativo)

- Biografía:
  - Ourense (1900) - Vigo (1979)
  - Emigra de mozo á Arxentina. Corresponsal da prensa bonaerense para España.
  - Contacta coa xeración do 27. Coñeceu e tratou a xente como Borges ou Alberti.
  - Corrixe e prologa os “Seis poemas galegos” de García Lorca.
  - Colaborou en “Nós”con tres capítulos da novela inacabada “A escadeira de Xacob”.

A súa narrativa caracterízase polo seguinte:

- caracterización realista da sociedade galega de principios de século: clase traballadora e formación do sindicalismo (**Xente ao lonxe**) e a vida marxinal e de suburbio da cidade de Ourense (**A esmorga**).
- narración en 1º persoa: feitos autobiográficos como recordos da infancia en **Xente ao lonxe** e a técnica do narrador editor- investigador que indica que os feitos contados sucederon moitos atrás e foron investigados polo propio autor (**A esmorga**).
. presenza do mundo infantil onde nenos e adolescentes son os protagonistas, que narran a historia cunha visión inxenua e inocente (**Xente ao lonxe**, 1972 e **Os biosbardos**, 1962).

A esmorga supón a renovación temática e formal da narrativa galega de posguerra. Cibrán relata diante do xuíz as últimas 24 horas de esmorga por Auria en compañía do Bocas e Milhomes.
As características principais son:
- espazo urbano suburbial: Blanco Amor incorpora á literatura galega un estrato social baixo que converte en protagonista.
- emprego de linguaxe coloquial.
- drama interior do protagonista, Cibrán, o narrador- protagonista, cuestionase entre o que fai el e os seus compañeiros.
- importancia da chuvia persistente ao longo de toda a novela, que fai que Cibrán non vaia traballar á obra e obriga aos protagonistas ao consumo de alcohol, feito que desencadea a violencia.
- técnica narrativa innovadora, "a técnica telefónica", só aparece a única voz de Cibrán que responde ás preguntas que lle fai o xuíz e que non aparecen no texto por formularse en castelán con toda seguridade.

Xente ao lonxe é a historia da familia Vilar narrada en 1º persoa por Suso, o fillo, e por outros narradores (multiperspectivismo ou varias perspectivas), como a súa irmá Evanxelina, que reflicte o importante papel da muller na obra. É unha radiografía de Ourense (Auria) de principios de século centrada no movemento da clase obreira e sindical.

- Poesía:
    - "Romances galegos" (1928)
    - "Poema en catro tempois" (1931), a modo de canto elexíaco pola morte duns mariñeiros.
    - "Cancioneiro" (1951)

- Teatro:
    - "Farsa para títeres", a mestura do tráxico e o cómico lembran ós esperpentos de Valle Inclán.
    - "Teatro pra xente", catro obras e tres contos escénicos na liña dos anteriores.

ANXEL FOLE(LUGO 1903-1986)

A súa obra narrativa parte da tradición oral popular do sur de Lugo e está constituída por:

Á lus do candil composto por 15 contos, narrados polas noites, en que 4 fidalgos e os seus criados quedan illados pola neve. A súa obra "Terra brava", recorre de novo o recurso de incluír os contos dentro do conto principal. Outros títulos: "Contos de néboa", "Historias que ninguén cre", nos que continúa cos esquemas anteriores.

En canto a técnica é partidario de conservar ao máximo a aparencia oral do relato escrito; coa lingua fai o mesmo, xa que procura transcribir o galego propio da zona.**, Contos ao carón do lume** (1953) e **Terra brava** (1955) , libros de relatos ambientados nas montañas de Lugo, que reflicten a realidade do pobo galego de montaña e escritos coa lingua que alí se fala. Seguen a técnica dos contos populares, tradicionais, Os temas tamén son tradicionais: contos de lobos, de aparecidos e premonicións da morte; de lendas populares (a Santa Compaña...) combinados con sentido do humor e explicados pola lóxica.

Tamén ten relatos de ambientación urbana: **Contos da néboa** (1973) e **Historias que ninguén cre** (1981).

Álvaro Cunqueiro (O mundo máxico)

- Biografía:
    - Mondoñedo (1911) - Vigo (1981)
    - Colabora nas revistas “Nós” e “Yunque”.
    - Dirixiu durante varios anos “El Faro de Vigo”
    - Doutor “honoris causa”, pouco tempo antes de morrer.
    - É un dos escritores máis complexos e polifacéticos da literatura galega (poesía, narrativa e teatro).

- Poética:

Características:

- afán rupturista
- conecta coas vangardas
- poemas neopopulistas e neotrovadoristas
- Funde a forma da cantiga de amigo coas imaxes das vangardas

- **Mar ao norde** (1932), vangardista; o seu primeiro libro. Consta de poemas breves que xiran ao redor da temática marítima e nos que se aprecian imaxes cubistas, que nace como unha homenaxe a Manuel Antonio.
- **Poemas do si e non**, surrealismo
- **Cantiga nova que se chama Ribeira**, vangardismo, neopopulismo, neotrobador.
- **Dona de corpo delgado**, poesía de corte clásico e liña neotrobadoresca
- **Herba de aquí e acolá**, aborda os temas transcendentais do ser humano. Recrea mitos lendarios, personaxes históricos e figuras da literatura universal e reflexiona sobre o paso do tempo, os cambios e a morte.

- Narrativa:

Características:

-Alarde de imaxinación..
-Lirismo e humor.
- Mestura da realidade cotiá coa fantasía e o mundo dos soños (realismo máxico ou fantástico).
-Mestura de elementos de tradición galega con ambientes exóticos.
-Estructura narrativa baseada en relatos curtos, relacionados entre si mediante un elemento unificador.
- avoga por unha autonomía absoluta da arte
- xoga coas palabras, temas e técnicas, sen outra preocupación que as estrictamente literarias.
- Paisaxe liricamente galeguizada e ligada ó ser humano
- Estructura narrativa: carácter radial dun personaxe principal arredor do que xiran os episodios
- Nivel formal: preciosismo estético, inzado de sesorialismo e de imaxes.
- Estilo arcaizante e popular que conecta coa narrativa medieval e o estilo oral dos contos populares.

1.**Tres novelas**, son historias contadas por un narrador-testemuña:
Merlín e familia (1955), está formado por unha serie de episodios que xiran ao redor do mago Merlín, que vive retirado xunto coa raíña Xenebra e o seu criado Felipe de Amancia en terras de Miranda, na comarca de Mondoñedo. A historia está narrada desde a vellez de Felipe relatando as visitas de estraños personaxes ao mago buscando solución dun problema de carácter máxico.

As crónicas do Sochantre (1956), está ambientada na Bretaña francesa e conta a historia do sochantre (sacerdote encargado de dirixir o coro que canta nos oficios relixiosos) de Pontivy que é requerido para tocar no enterro dun fidalgo.
Se o vello Sinbad vólvese ás illas (1961), conta a historia de Sinbad que, xa vello, decide facerse de novo ao mar para demostrar que as súas historias son certas, pero esta aventura lévao a recluírse no mundo dos soños.
Nas tres hai unha mesma estructura: unha técnica de relato dentro do relato, ou relatos sucesivos cun débil fío argumental. En todas elas se mistura o mundo real e lendario, o autor bota man do humor e ironía e narra ao xeito do relato oral. O espazo está fóra da realidade e o fantástico aparece como algo propio e cotiá.
2. **Trioloxía de relatos galegos**: **Escola de menciñeiros** (1960), **Xente de aquí e de acolá**(1971) e **Os outros feirantes** (1979).
Estas obras empregan a técnica do relato contado e presentan personaxes do mundo imaxinario galego (meigas, ananos...) e do mundo rural ou vilego aínda que ás veces as súas aventuras sexan de natureza fantástica. Son semblanzas de personaxes reais ou imaxinarios, a través dos que amosa aspectos da psicoloxía do home galego e da mitoloxía popular.